

MOCIÓN DE AER SOBRE A PROTECCIÓN DE RÍOS

PLENO 5 MAIO 2014. ACTA 6/2014

“Moitas veces atopamos notificacións no Boletín Oficial da Provincia de obras que afectan aos diferentes ríos do noso concello, e fundamentalmente á zona de policía de augas. Mentres noutros concellos se preocupan por recuperar estas zonas para uso e goce da cidadanía, parece que aquí non se fai iso.

Non é o primeiro, nin o segundo, nin o terceiro caso en que esas noticias chegan cando xa o período de alegacións ten rematado. Somos conscientes da especial sensibilidade que o concelleiro de medio ambiente di ter respecto dos ríos, polo cal apelamos a esa sensibilidade e ao seu sentido da responsabilidade para que estes casos nunca máis ocorran e sexamos estritos na defensa dos bens de uso público.

Teñamos en conta que eses anuncios son publicados no taboleiro do Concello, porque sería moito traballo enviarllos aos voceiros dos grupos municipais ou publicalos a modo de bando nas zonas que se visen afectadas. Así o acordaron cando fixemos unha anterior proposta.

Polo exposto anteriormente, propoñemos o seguinte acordo:

Cando se reciba notificación do BOP para publicar algunha obra que afecte ás zonas de protección de ríos, automaticamente o Concello persoarse contra ditas intervencións sempre que supoñan o peche, alteración natural, destrución ou modificación da servidume; e propondrá a restauración da legalidade que respecte os dereitos de uso público de toda a cidadanía nesas zonas.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 PP, 8 PsdeG-PSOE, 2 BNG e 1 AER), aproban a moción presentada pola Agrupación de Electores de Redondela, sobre a protección dos ríos, engadindo o acordo de que ditas obras deberánselle comunicar aos concellos parroquiais.